



MEMORIA DA FEDERACIÓN DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS AO ABEIRO DO CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO FIRMADO O 31 DE XULLO DE 2018 PARA O FINANCIAMENTO DUNA CAMPAÑA DE DIFUSIÓN A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS E MEDIANTE VIDEOS EXPLICATIVOS “REDEIRAS NAS REDES”

Antecedentes

Con data 31 de xullo de 2018, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, Susana Rodríguez, e a presidenta da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, Verónica Veres, asinaron un convenio de colaboración para o financiamento dunha campaña de difusión a través da redes sociais e mediante videos explicativos “REDEIRAS NAS REDES”, co fin de informar e concienciar sobre a importancia da labor das redeiras, así como reforzar os coñecementos na reparación e mantemento de aparellos de cara a renovar as técnicas aprendidas nos cursos de formación de capacitación para a obtención da cualificación profesional.

A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao é unha entidade sen ánimo de lucro que pretende coas accións que desenvolve facer unha labor de información, formación e recoñecemento dunha profesión de marcado carácter artesanal e cunha falta de relevo xeracional evidente.

Acción desenvolta

O convenio asinado entre a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e a Federación de Redeiras Artesás O Peirao permitiulle a esta entidade efectuar catro videos explicativos sobre as artes de arrastre, cerco, palangre e artes menores.

A financiación obtida a través da Dirección Xeral de desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar) por importe de 3.000 euros permitiu a contratación da empresa GarboandGardner, S.L para que se encargase da elaboración dos referenciados videos e a presentación pública dos mesmos o 25 de outubro de 2018, na sede de Abanca Obra Social en Santiago de Compostela, contando en dita presentación coa asistencia da Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Dona Susana Rodríguez Carballo.

Na elaboración dos catro videos tutoriais participaron as seguintes mestras redeiras:

- Dona Ángeles Mille, mestra redeira da arte de palangre.
- Dona Mercedes Martelo, mestra redeira da arte de cerco.
- Dona Rosa Rodríguez, mestra redeira de artes menores.
- Don Isaac Fernández, mestre redeiro de arrastre.

Todos eles colaboran de forma activa coa Federación de Redeiras Artesas O Peirao, promovendo a labor das redeiras e transmitindo de diversas formas os seus coñecementos para que as persoas interesadas poidan acadar a cualificación profesional que permita solventar o relevo xeneracional que apremia a profesión.

As nosas asociadas foron convidadas, o igual que os medios de comunicación, o evento de presentación; que tivo lugar o 25 de outubro, e igualmente se lles informou a través dunha carta da acción desenvolta para promover entre as nosas asociadas a actividade, sendo os enlaces dos videos realizados os seguintes:

<https://www.youtube.com/watch?v=2qoD7nPgvTw>

https://www.youtube.com/watch?v=1zfR2j_EztY

https://www.youtube.com/watch?v=veu2L_nnNL0

<https://www.youtube.com/channel/UCzAdRFtKlwNrqi6r8gQXeCQ>

En aras a valorar a actividade desenvolta por parte das nosas asociadas, efectuouse unha enquisa vía telefónica, na que se formularon tres preguntas,:

- 1-¿Qué valoración dan a actividade desenvolta? (boa/mala/regular).
- 2-¿Parecelles unha boa ferramenta de comunicación e visibilidade da profesión?(si/non).
- 3--¿Apostarían pola continuación de accións no ámbito online? (si/non).

Das opinións recadadas un alto porcentaxe, 80%, considera que acción desenvolta incidiu positivamente na visibilidade do sector das redeiras, considerando o proxecto altamente interesante para dar a coñecer o sector, reforzar coñecementos de cara a posibles cualificacións e, entenden necesario a continuación de accións no ámbito online.

Obxectivos acadados

A colaboración mantida entre a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro permitiu acadar no ámbito do convenio suscrito:

- Renovación de coñecementos adquiridos nos cursos de formación de modo que se lembren técnicas xa aprendidas, reforzar coñecementos na reparación e mantemento de aparellos. Formación continuada.
- Promover a actividade de redeira e fomentar o relevo xeracional
- Achegar un oficio artesanal o mundo das novas tecnoloxías.
- Visibilizar o traballo da muller no ámbito do mar.
- Fomentar o asociacionismo e a inclusión social de mulleres paradas de longa duración.

Malpica de Bergantiños, 12 de novembro de 2018

Asdo./ María Jesús Otero Suárez
Secretaria

Asdo./ Verónica Veres Tasende
Presidenta